

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, ponse unha especial énfase na realización de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional, constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitálos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

É por iso que

COMPARECEN

Por unha banda, Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, de acordo co Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social, en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora a Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, así como o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 176/2015, do 4 de decembro, polo que establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Por outra banda, Don Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 62/2014, de 28 de maio (DOG 4/06/2014), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as entidades recoñécense a súa respectiva personalidade e competencia para outorgar o presente convenio, polo que:

ACORDAN

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, de conformidade co Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela e as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social (en adiante Consellería) e a Universidade de Santiago de Compostela (en



adiante USC) para a realización das prácticas académicas externas, tanto curriculares como extracurriculares (en diante, prácticas) nos centros, órganos e/ou unidades da Consellería.

Poderán realizar estas prácticas os estudantes que cumpran os requisitos do artigo 8.2 do Real decreto 592/2014, do 11 de xuño, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, das seguintes titulacións da USC:

- Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil
- Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria
- Grao en Educación Social
- Grao en Pedagogía
- Grao en Traballo Social
- Grao en Óptica e Optometría
- Grao en Psicoloxía
- Máster Universitario en Psicoloxía Xeral Sanitaria
- Máster Universitario en Psicoxerontoloxía
- Máster Universitario en Psicoloxía Educativa: Desenvolvemento e Aprendizaxe
- Máster Universitario en Procesos de Formación
- Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación
- Máster Universitario en Dirección de Actividades Educativas na Natureza
- Máster Universitario en Servizos Culturais
- Máster Universitario en Optometría

Este convenio poderá ampliarse a outras titulacións que garden relación coas prestacións competencia da Consellería. A estes efectos poderase asinar unha addenda ó presente documento.

As prácticas académicas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polos estudantes universitarios e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo é permitir aos mesmos aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que lles preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

SEGUNDA.- Centros de realización das prácticas

A Consellería facilitará a utilización dos centros e/ou unidades que se sinalan de seguido para o cumprimento do obxectivo deste convenio:

- Centros de menores de titularidade propia da Xunta de Galicia.
- Centros de atención a persoas con discapacidade, centros residenciais e de atención diúrna de titularidade propia da Xunta de Galicia.

- Albergues, campamentos xuvenís, residencias de tempo libre e centros sociocomunitarios de titularidade propia da Xunta de Galicia.
- Servizos e oficinas das xefaturas territoriais da Consellería.

A presenza dos estudantes nos ditos centros e/ou unidades non afectará de ningún xeito ó normal funcionamento deles.

TERCEIRA.- Duración

1. A duración das prácticas será a seguinte:

a) As prácticas externas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

b) As prácticas externas extracurriculares terán unha duración preferentemente non superior ao cincuenta por cento do curso académico, sen prexuízo do que fixe a USC, procurando o aseguramento do correcto desenvolvemento e seguimento das actividades académicas do estudante.

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas características das mesmas e as dispoñibilidades e os horarios da Consellería, en todo caso, procurarase que sexan compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo estudante na universidade.

CUARTA.- Proceso selectivo

Para a realización das prácticas, a USC seleccionará aos beneficiarios destas entre o alumnado daquelas titulacións que garden relación coas materias competencia da Consellería, en función do número de prazas ofertadas pola Consellería. Unha vez seleccionados/as estudantes a USC realizará unha planificación formativa e remitirá unha proposta á Consellería, a cal poderá rexeitala de xeito motivado.

QUINTA.- Obrigas e dereitos dos estudantes

Durante a realización das prácticas, o/a estudante comprometerase a cumprir as condicións concretas establecidas; a realizar as actividades que a Consellería lle encomende dentro do proxecto formativo fixado; a respectar os regulamentos e as normas da Consellería; a gardar unha absoluta confidencialidade sobre os acontecementos e os documentos da Consellería (mesmo unha vez finalizado o período de prácticas) e a manter o contacto cos seus titores.

Dado o carácter formativo das prácticas os/as estudantes non poderán asinar nin asumir responsabilidades sobre informes nin actuacións que requiran cualificación profesional.

Aos estudantes garantiráselles, en todo caso, os dereitos seguintes:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e por un profesional que preste servizos no departamento onde se realice esta.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos pola universidade.

- c) Á obtención dun informe por parte da Consellería onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, se é o caso, o seu rendemento.
- d) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- e) A recibir, por parte da Consellería, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- f) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, logo de comunicación con antelación suficiente á Consellería.
- g) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- h) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- i) Gozaren dos permisos recoñecidos na legalidade vixente.

Unha vez finalizado o seu período de prácticas, o/a estudante terá que elaborar unha memoria final da que fará entrega ao titor ou á titora académico/a. Na devandita memoria final deberán recollerse as seguintes informacións:

- a) Datos persoais do ou da estudante.
- b) Centro, órgano ou unidade na que realizou as prácticas e localización do centro de traballo.
- c) Descrición concreta e detallada das tarefas e os traballos desenvolvidos, así como dos departamentos da Consellería á que foi asignado/a.
- d) Valoración das tarefas executadas e dos coñecementos e competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas xurdidos e procedemento seguido para a súa resolución.
- f) Identificación das adquisicións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g) Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

SEXTA.- Obrigas da Consellería

A Consellería comprométese, en colaboración coa USC a fixar o proxecto formativo que efectuará cada estudante, e a respectar os dereitos dos estudantes relativos á protección dos seus datos de carácter persoal.

En todo caso, o proxecto formativo ha de ser conforme aos principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal.

As tarefas que realizarán os estudantes en prácticas estarán relacionadas co seu nivel de estudos e de formación académica.

Unha vez finalizadas as prácticas, a Consellería expedirá ó ou á estudante un certificado acreditativo da súa realización e das súas características. Alén disto, remitirá debidamente cuberto ao centro o informe de seguimento final das prácticas, en que deberán constar os seguintes aspectos:

- a) Capacidade técnica do ou da estudante.
- b) Capacidade de aprendizaxe.
- c) Administración e organización dos traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso daqueles estudantes con discapacidade que presentaren dificultades na expresión oral, deberá indicarse o seu grao de autonomía para esta habilidade e se requiren algún tipo de apoio técnico e/ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilitade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.
- i) Motivación.
- j) Receptividade ás críticas.
- k) Puntualidade.
- l) Relacións co seu entorno laboral.
- m) Capacidade de traballo en equipo.

SÉTIMA.- Obrigas da USC

A USC comprométese a pór a disposición dos estudantes os modelos de solicitude para participar no programa de prácticas, así como a pór a disposición da Consellería os modelos para que esta lle traslade a súa oferta de prácticas.

De igual xeito, a USC comprométese a convocar, difundir entre o seu estudiantado e tramitar as ofertas de prácticas que reciba da Consellería no marco deste convenio.

OITAVA.- Relación entre a Consellería e os estudantes en práctica

A realización das prácticas por parte dos/as estudantes, ó amparo deste convenio, non constitúe vínculo laboral nin contractual de ningún tipo entre estes e as partes asinantes, nin contraprestación económica algunha durante as prácticas, non sendo aplicable o Estatuto dos Traballadores ao realizarse ao abeiro do Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

A Consellería poderá interromper unhas prácticas cando considerar que o/a estudante vulnerou gravemente as súas obrigas, o que lle comunicará ó ou á representante do centro e á USC.

Se o/a estudante se incorpora á Administración autonómica da Xunta de Galicia ao acabar os seus estudos, o tempo de prácticas non se computará aos efectos de antigüidade, nin

eximirá do período de proba, agás que o convenio colectivo de aplicación tivese estipulado algo distinto.

NOVENA.- Titores

Os estudantes en prácticas que se acolleren a este programa disporán dunha tutoría académica e outra profesional. O titor ou a titora académico/a será un/ha profesor/a da USC, mentres que o titor ou a titora profesional será un/ha profesional da Consellería. Os dous titores supervisarán as funcións levadas a cabo polos estudantes durante as súas prácticas, asistirános no que for preciso e avaliarán o aproveitamento das prácticas.

Os titores académicos e profesionais poderán obter da USC o recoñecemento da súa actividade de conformidade coa normativa interna de aplicación.

Os titores profesionais e académicos terán os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora ou da actividade universitaria, no seu caso, por parte da universidade, nos termos previstos no presente convenio de cooperación educativa e no Regulamento de Prácticas da USC.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á universidade e acceso á entidade, no seu caso, para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

Os titores profesionais deberán cumprir as obrigas seguintes:

- a) Acoller o estudante e organizar a actividade que vai desenvolver de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que poidan xurdir no seu desenvolvemento e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir os informes que corresponda.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.

- i) Facilitarlle ao titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estadía na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

O titor ou a titora académico/a terá as seguintes obrigas:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade de horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do estudante.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co titor da entidade colaboradora e vistos, se for o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do estudante tutelado, á vista da memoria final presentada polo/a estudante e o informe do titor ou a titora da entidade colaboradora, mediante o correspondente informe.
- e) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza coma consecuencia da súa actividade coma titor.
- f) Informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- g) Supervisar e, no seu caso solicitar, a axeitada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

DÉCIMA.- Seguro escolar

Os estudantes menores de 28 anos están cubertos polo seguro escolar obrigatorio que pagan coa matrícula. Os estudantes maiores de 28 anos deberán contratar un seguro, aos referidos efectos, de conformidade co establecido polo regulamento de prácticas académicas externas da USC.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente puiden ocasionarse quedará cuberta pola póliza que a USC ten subscrita para estes efectos.

Do presente convenio non se derivará para a Consellería nin para ningún dos seus centros ou unidades dela dependentes, obriga algunha referente a calquera dos réximes da Seguridade Social.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Desenvolvemento do convenio

Para cada práctica individual formalizaranse os anexos a este convenio, de acordo cos modelos que se achegan.

En cada anexo figurarán os datos do convenio de referencia; os datos persoais do ou da estudante; o lugar en que se realizarán as prácticas; o nome dos titores; as datas de inicio e fin das prácticas; o total de horas e a súa distribución temporal; o proxecto formativo obxecto das prácticas que levará a cabo o/a estudante.

Os anexos serán asinados polos estudantes, unha persoa representante da Consellería e outra representante da USC ou da titulación impartida.

En caso de incumprimento, a Consellería poderá instar a rescisión anticipada das prácticas.

O recoñecemento académico das prácticas académicas externas realizarase de acordo coas normas e os procedementos establecidos pola USC, e incorporarase ao Suplemento Europeo ao Título (SET) de conformidade coa normativa de aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto de este convenio de colaboración se establecerá una Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións as que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio e anexos.

Nesta comisión actuarán como representantes, por parte da Consellería:

- O secretario xeral técnico da Consellería ou persoa en quen delegue ou o supla.
- O subdirector xeral de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral Técnica da Consellería ou persoa en quen delegue ou o supla.

E por parte da USC:

- O Vicerreitor con competencias en oferta docente, ou persoa na que delegue ou o supla.
- Unha persoa designada polo Reitor

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Impulsar e desenvolver o convenio.
- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

A comisión reunirse coa frecuencia que determinen os seus membros e a ela poderán ser convocados aqueles técnicos que, con carácter asesor, designen as partes.

DÉCIMO TERCEIRA.- Modificación e resolución do convenio

As partes poderán modificar o presente convenio por mutuo acordo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto. Para a ampliación das titulacións da USC nas que deben estar matriculados os/as estudantes formalizarase o acordo a través dunha addenda. Noutros casos, o acordo de modificación requirirá a sinatura dun novo instrumento xurídico.

Son causas de resolución do presente convenio:



- O incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
- A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables as partes.
- O mutuo acordo.

DÉCIMO CUARTA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Os conflitos e controversias que puidesen formularse sobre a interpretación e execución do presente convenio, deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes a través da Comisión Mixta de Seguimento. De non acadarse tal acordo, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Publicidade e rexistro do convenio

Estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos

Das actividades realizadas nos centros e/ou unidades, ambas as partes garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso, garantindo o total cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Igualmente comprométese a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados, en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Así mesmo, os datos relativos aos centros de menores, calquera outro tipo de centros de servizos sociais e as xefaturas territoriais desta Consellería (o seu funcionamento, actividades, programas, persoal, etc.) que o alumnado universitario puidese coñecer e utilizar en traballos de natureza académica non poderán facerse públicos de ningún modo e, por suposto, en ningún medio de comunicación público ou privado, agás que a Consellería autoríceo expresamente.



Ambas as partes acordan someterse en canto ao tratamento dos datos persoais dos/as estudantes que teñan acceso a estas prácticas ao establecido na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Sen prexuízo de que a Consellería pode solicitar o consentimento do/a interesado/a para incorporar os seus datos persoais a un ficheiro propio do que sexa responsable, terá en todo caso a consideración de encargado de tratamento por conta da USC respecto dos datos persoais dos/as estudantes en prácticas que sexa necesario tratar para cumprir coas finalidades previstas neste convenio. As correspondentes convocatorias advertirán aos/ás interesados/as destas circunstancias.

DÉCIMO SÉTIMA.- Vixencia

O presente convenio terá unha vixencia de 4 anos, a contar dende a data da súa sinatura, podendo ser prorrogado, de forma expresa, por outro prazo igual ao establecido de xeito inicial.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en todas as estipulacións, e, coma proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data abaixo indicados.

Santiago de Compostela, cinco de abril de dous mil dezaioito.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL

O REITOR DA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

José Manuel Rey Varela

Juan Manuel Viaño Rey

ANEXO

PROXECTO FORMATIVO

O/a estudante que abaixo asina concede a súa conformidade para participar no programa de prácticas externas *curriculares/extracurriculares* da Facultade/Escola deda USC ao abeiro do convenio de cooperación educativa coa Consellería, e declara coñecer e aceptar as normas establecidas no mencionado convenio.

DATOS DO ESTUDANTE



3. Período durante o que se realizará o

traballo
.....
.....
.....

4. Número total de horas dentro deste período (_____ h) = (_____ ECTS)

5. Horario:

6. Coñecementos específicos que deberá ter o estudante para facer este

traballo:
.....
.....
.....
.....
.....
.....

7. Formación que adquirirá o estudante ao realizar este traballo:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

8. Forma prevista para o seguimento e orientación ao estudante durante a realización do
traballo:

.....
.....
.....
.....
.....
.....



....., dede 201.....

Pola Entidade

Asdo.

O/a estudante

Asdo.

Polo Centro

Asdo.

Cargo

Cargo

SR./SRA. DECANO/A, DIRECTOR/A DA FACULTADE/ESCOLA DE
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA